



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2016.

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO :</u> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cuarenta e un minutos do vintene de xaneiro de dous mil dezaseis, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
---	--

PUNTO NÚM. 1.- TOMA DE RAZÓN RENUNCIA CONCELEIRO D. ANXO MIGUEL FERNANDEZ PERMUY.

Visto o escrito de data 7 de xaneiro de 2016, presentado no Rexistro de Entrada de documentos o día seguinte, baixo o número 18, polo Concelleiro electo desta Corporación Dn. Angel Miguel Fernández Permuy polo Partido Político Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG), no que manifesta de modo claro e inequívoco súa renuncia voluntaria o cargo de Concelleiro.

Vistos os artigos 182 da LOREG, aprobada pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño e 9.4 do R.O.F. aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de outubro, así como a Instrucción da Xunta Electoral Central de 19 de xullo de 1991, sobre substitucións de cargos representativos locais, e atendida a observancia das formalidades e demais requisitos do procedemento, o Pleno da Corporación toma razón da renuncia o cargo de Concelleiro desta Corporación Municipal formulada por Dn. Angel Miguel Fernández Permuy, pertencente a lista electoral do Partido Político Bloque Nacionalista Galego –Asembleas Abertas (BNG), que surtirá efectos desde a



presente data a partir da cal se produce a vacante do correspondente escaño e oficiar á Xunta Electoral Central a efectos de que se proceda á expedición de credencial de Concelleiro Electo a favor da persoa correspondente da lista electoral do Partido Popular.

PUNTO NÚM. 2.- TOMA DE COÑECIMENTO EXPEDIENTE REFINANCIACIÓN DÉBEDA.-

Dase conta do escrito do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, de data 1 de xullo de 2015 que seguinte se transcribe:

“COMUNICACIÓN DEL TIPO DE INTERES QUE SE APLICARA A PARTIR DEL PRIMER VENCIMIENTO DE 2016 A LOS PRESTAMOS SUSCRITOS ANTES DE 2014 POR LAS ENTIDADES LOCALES CON EL FONDO DE FINANCIACIÓN DE LOS PAGOS A PROVEEDORES

El Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos de 5 de febrero de 2015, cuyo extracto se encuentra publicado en la siguiente dirección

<http://www.minhap.gob.es./Documentación/Publico/DGCFEL/PlanesDeAjuste/NotaSGCAL Acuerdo CDGAE RDL 17 2014 Extracto 20150223.pdf>.

establece que el tipo de interés de los préstamos formalizados con cargo a los mecanismos adicionales de financiación a favor de entidades Locales hasta el ejercicio 2014 inclusive (**prestamos suscritos con el Fondo de Financiación de los Pagos a Proveedores**) a partir del primer vencimiento de 2016, será el tipo fijo anual que se determine para las operaciones formalizadas con cargo al Fondo de Financiación a entidades Locales en 2015.

En el Anexo I del citado Acuerdo en el apartado “interés” se establece el método de cálculo del citado tipo en función del rendimiento de la Deuda Pública del Estado.

Una vez aplicado dicho método, la Secretaria General del Tesoro y Política Financiera ha determinado que el tipo de interés aplicable es del **1,311 %.**”

Á vista do cal o Concello Pleno por unanimidade acorda darse por enterado.

PUNTO NÚM. 3.- APROBACIÓN PAI DEPUTACIÓN 2016.-



Sometido o asunto a votación o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL e 1 SON DE ARES), 2 votos en contra (2 BNG) e 3 abstencións do Grupos Municipal do Partido Popular, acorda:

1º.- Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Reducción de endebedamento

ENTIDADE FINANCIERA	NUMERO/CODIGO PRESTAMO	PRESTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DEBEDA
BCL	95/45866867	122401,09
	TOTAL	122401,09

B) Investimentos (obras ou subministracións)

Denominacion	Orzamento Total	Achega Municipal	Prestamo Provincial.
	TOTAL		

c) Resumo da aplicación do préstamo provincial.

SUBTOTALS	PRESTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	122401,09
Sutotal investimentos (obras ou subministracións).	
TOTAL	122401,09

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se incluen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou Subministración	Orzamento
TOTAL	



- 3.- Declarar que o concello ten a disponibilidad dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexa necesarias.
- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade de 2016 se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e co correspondente expediente.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.



PUNTO NÚM. 5.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

Non hai.

Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas. O Sr. Alcalde-Presidente, preguntar os voceiros se teñen algunha Moción para a someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia, presentándose polo voceiro do BNG Sr. Mesias Farias a seguinte Moción:

“MOCION QUE PRESENTA POLA VIA DE URXENCIA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001.

Este concello manifesta o seu compromiso coa Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

INSTA á Xunta de Galiza a:

- **Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.**
- **Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alinea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contraí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introducción dunha terceira lingúa no ensino non pode afectar negativamente á propia.**
- **Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalo na Carta Europea.**
- **Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen limites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas**



de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- **Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades”.**

Sendo as 13,06 horas, faise un receso na sesión. Sendo as 13,07 horas, reanudase a sesión.

O Sr. Mesias Farias, xustifica a urxencia manifestando que a Moción lle chegou despois de feita a Xunta de Voceiros.

O Sr. Alcalde propón que pase a Xunta de Voceiros.

O Sr. Mesias Farías, manifesta que non ten inconveniente que pase a Xunta de Voceiros.

O Pleno

PUNTO NÚM. 6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. D. Emilio Mesias Farias, quen da lectura a carta de despedida do Concelleiro D. Anxo Miguel Fernández Permuy, que seguidamente se transcribe:

“Debido a imposibilidade de asistir ao pleno por motivos estritamente laborais e a pesar das zancanillas que algúns tentaron meter ata última hora, non quería deixar pasar a oportunidade de deixar unas verbas por medio do meu amigo, compañeiro e voceiro, Emilio.

Nestes catro anos e oito meses da miña etapa na política como concelleiro dunha organización que sempre se portou conmigo como unha gran familia, tiven a sorte de coñecer polo miúdo as inxerencias d@s veciñ@s, os seus reproches os seus agradecementos..., en definitiva; tiven momentos mellores e peores pero sempre estabamos arrimando o ombreiro Emilio máis eu.

De Emilio so quero decir dúas cousas; AMIGO E CAMARADA, coido que con esto sobran máis verbas.

Quero agradecer en primeiro lugar a cada un d@s traballador@s do noso concello por facerme moi sinxelo o traballo xa que en realidade son o motor de este concello e son os que pagaron os platos rotos de decisións políticas nada acertadas, en ocasións chegando a ser INXUSTAMENTE tratados negándoselles o merecido mérito, que en ocasións é un simple Grazas!!.



Por último agradecer a aqueles membros da corporación que souberon ceñirse ao debate político sin deixar que este fose ó personal por que, en definitiva, iso é do que se trata, ter debate político co fin de facer un Ares para os Aresáns e as aresás.

Quixera agradecer, en especial, a tres persoas que demostraron que por riba do político están as relacións estritamente humanas e souberon falar co corazón e co cariño cuestión que ás veces esquecen algúns políticos, e veredes que son persoas coas que me separa un mundo ideolóxico, pero coas que me une unha sincera e próspera amizade; Juan Sixto (exvoceiro do PP), Victoria Montenegro (Concelleira de Muller) e Geno Fernández (concelleiro de Cultura): Grazas por aturarme e por facerme un pouco máis sinxela a vida de concelleiro e grazas tamén pola vosa sinceridade.

Sorte tamén aos meus compañeiros Emilio e Cristina así como o que me substituirá; Manuel Bello. Son xente que teñen como fin facer do noso concello un lugar distinto. Nese camiño seguirei a traballar con eles, como sempre fixemos.

Anxo Fernández; 29 de Xaneiro de 2016”

Acto seguinte O Sr. Mesias Farías, fai as seguintes preguntas: a) En relación co Rexistro de Entrada de documentos, di que non teñen acceso, antes se lles daba un “pendrive” co rexistro.

b) Con referencia os recursos de reposición presentados polo PXOM ¿vanse a responder?.

Resposta o Sr. Alcalde non hay problema, vanse a responder o que pasa e que faltan informes técnicos sectoriais e ata que se teñan todos non se pode dar resposta as alegacións.

A Sra. Martínez Martínez, pregunta ¿Por qué se nons ocultou que MHAP non autorizou a refinanciación? ¿Por qué non se levou a Comisión de Facenda, o PAI e o tema da refinanciación?

A Sra. Martínez Martínez, di que hai un erro na Resolución núm. 1/2016, e faltan 5 resolucións.

O Sr. Alcalde en relación o PXOM, reitera o manifestado anteriormente.

Sendo as 13,35 horas abandona a Sesión o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías.

Finalmente o Sr. Fernandez Lago e a Sra. Montenegro Paz, dan as grazas polas verbas o Sr. Fernandez Permuy.



E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,